2. Normativa de referencia no ámbito estatal: A Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, recolle no seu Título III a normativa propia da igualdade nos medios de comunicación. Este título dispón de 6 artigos, do que para o caso que nos ocupa, cómpre recoller, pola súa vinculación co sistema de xestionar un servizo público similar, o artigo 37.2 que indica que "*La Corporación RTVE promoverá la incorporación de las mujeres a puestos de responsabilidad directiva y profesional. Asimismo, fomentará la relación con asociaciones y grupos de mujeres para identificar sus necesidades e intereses en el ámbito de la comunicación*."
   En todo caso, os artigos 14 e 15 que establecen os criterios de actuación dos poderes públicos e o mandato de transversalidade do principio de igualdade de trato entre mulleres e homes.
3. Normativa de referencia no ámbito autonómico: O Decreto lexislativo 2/2015 no capítulo III, do Título I establece a integración da igualdade na política de medios de comunicación mediante 4 artigos. Para esta proposición de Lei hai que ter en conta o artigo 13, sobre fomento da igualdade nos medios de comunicación que di "*(...) c) A participación equilibrada entre mulleres e homes nos órganos de representación, de xestión e de consulta dos medios de información*."
4. Normativa sectorial. A Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia. Esta Lei lexisla a organización da Corporación, Radio e Televisión de Galicia no Título II, Capítulo II. O capítulo



CSV: REXISTRO-S6yXnKEA7-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

establece os dous órganos de goberno e o seu desenvolvemento (Consello de administración e directora ou director xeral). Na súa redacción actual:

- O artigo 14 establece que a elección dos membros do Consello de administración corresponde ao "*Parlamento de Galicia por maioría de dous terzos. Se esta maioría non se acada no prazo de tres meses desde a primeira votación, abondará para a elección unha maioría de tres quintos.*" A selección valorará a experiencia profesional e o recoñecido prestixio, tendo en conta a pluralidade cultural, ideolóxica e política e "*procurarase o equilibrio de xéneros*".

- O artigo 15 establece como se presume a posesión da experiencia e o prestixio centrado no desempeño de "*funcións de administración, alta dirección, control, ou asesoramento, ou funcións de similar responsabilidade, en entidades públicas ou privadas, e tamén se ten méritos relevantes de carácter profesional, docentes ou de investigación en ámbitos relacionados coa comunicación*".

- Finalmente, o artigo 23 establece que corresponde a elección de directora ou director xeral ao "*Parlamento de Galicia por maioría de dous terzos. No caso de non acadarse a maioría de dous terzos nunha primeira votación, o Parlamento de Galicia poderá volver someter a votación o mesmo candidato transcorrido un mes desde a primeira votación, e neste caso abondará para a súa elección a maioría dos tres quintos do Pleno da Cámara.*"

5. Segundo informa o Portal de Transparencia do CRTVG o consello de administración está formado por 4 mulleres e dous homes. Todos os membros cobran o mesmo soldo e as retribucións por antigüidade que lle son propias. En canto ao Director Xeral e o Director Xerente son dous homes, correspondendo a dirección de división a unha muller.
6. As previsións directas contidas no texto, relativas á perspectiva de xénero, serán analizadas no apartado "PREVISIÓNS RELATIVAS AO CUMPRIMENTO



CSV: REXISTRO-S6yXnKEA7-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DA COMPOSICIÓN EQUILIBRADA DOS ÓRGANOS DE DECISIÓN" deste informe.

7. Non obstante, neste apartado corresponde analizar o seguinte:

7.1. O texto proposto para o artigo 14 indica como será a selección, nomeamento e designación dos membros do Consello de Administración. O Parlamento de Galicia designaraos, logo da súa selección a través do procedemento de concurso público ao que acceden persoas con acreditada experiencia profesional e recoñecido prestixio no eido da comunicación.

7.2. O texto proposto para o artigo 15 "*Normas básicas para o proceso selectivo do Consello de Administración*" só recolle un aspecto no que se terá en conta o equilibrio de xénero que é na creación do Comité de persoas expertas.

Non obstante, non fai alusión a que a igualdade de xénero se debe incorporar de xeito transversal nas bases do concurso que aprobará o Pleno do Parlamento. Sen ánimo de exhaustividade, algunhas medidas concretas poderían ser:

- É posible establecer que con anterioridade a selección, como paso previo ao concurso público, sexan analizados os requisitos exixidos ás persoas aspirantes, para analizar se os mesmos determinan –todos ou algún– un prexuízo para as mulleres ou para un colectivo predominantemente feminino. En definitiva, recoméndase adoptar medidas que permitan comprobar se eses requisitos son absolutamente necesarios para o desenvolvemento das funcións, incorporando, dentro das normas básicas do proceso de selección, medidas específicas que permitan analizar os requisitos do concurso desde o punto de vista da igualdade.



CSV: REXISTRO-S6yXnKEA7-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- Actuacións especiais en casos de infrarrepresentación. A convocatoria de concurso público podería establecer que se hai mais candidaturas masculinas, de existir méritos iguais entre dous ou mais persoas candidatas, serán admitidas as mulleres, salvo que considerando obxectivamente todas as circunstancias concorrentes nas persoas candidatas de ámbolos dous sexos existan motivos non discriminatorios para preferir ao home. Recoméndase ter en conta esta posibilidade de establecer algunha medida ou acción positiva para os casos de infrarrepresentación feminina.
- Dentro do concurso pódese promover o exercicio de dereitos de conciliación. Cunha puntuación específica que se graduará en función do tempo utilizado no exercicio deses dereitos. As condicións para obter a puntuación son que estean utilizando ou tiveran utilizado, nos últimos cinco anos ou o tempo que se considere pertinente, unha licenza de maternidade, un permiso de paternidade, unha redución de xornada ou unha excedencia para coidado de familiares. Recoméndase establecer un factor corrector, o que en cada caso corresponda, que permita compensar os períodos de inactividade profesional e garantir a igualdade de oportunidades.
- No ámbito da administración pública de Galicia, para a implantación da igualdade de xénero e a prevención e loita contra a violencia de xénero faise necesario partir da formación das persoas que traballan nas administracións. Así o desenvolve o Decreto 70/2017, do 13 de xullo, polo que se regula a formación en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero do persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, por isto tamén sería recomendable que ademais de establecer o equilibrio de xénero dentro da composición do Comité de persoas expertas se establecese a obriga de que cando menos un membro do mesmo tivera algunha formación específica de xénero.



CSV: REXISTRO-S6yXnKEA7-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

7.3. No texto proposto do artigo 23.2 e da Disposición transitoria cuarta sinálase a forma de elixir á directora ou director xeral. Recoméndase ter en conta o indicado para as normas básicas do proceso de selección no parágrafo anterior.

PREVISIÓNS RELATIVAS AO CUMPRIMENTO DA COMPOSICIÓN EQUILIBRADA DOS ÓRGANOS DE DECISIÓN

1. Encanto á toma de decisións e a elaboración de estratexias, ven recollida no artigo 5.2 d) do Decreto lexislativo 2/2015
2. No relativo a nomeamentos e designación dos cargos de responsabilidade, estipúlase no artigo 16 da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, na súa disposición derradeira primeira.
3. Para a administración galega e o nomeamento de altos cargos, recóllese na Disposición adicional 1.ª da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia.
4. Na presente proposición de lei a participación equilibrada entre mulleres e homes establécese do seguinte xeito: O artigo 15 crea un Comité de persoas expertas no que procede respectar o equilibrio de xénero, o que é valorado positivamente.

INTEGRACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO NA ACTIVIDADE ESTATÍSTICA

1. A nivel estatal, cómpre ter en conta o artigo 20 da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.



CSV: REXISTRO-S6yXnKEA7-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/11/2022 17:47:15
Nº Rexistro: 44306
Data envío: 24/11/2022 17:47:15.684

2. A nivel autonómico, cómpre ter en conta o artigo 9 do Decreto lexislativo 2/2015, a Lei 16/2021, do 17 de xullo, do Plan Galego de Estatística 2022-2026, e a Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, no artigo 21.

3. O VIII Plan Estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2022-2027 recoñece que "*…no terreo da información estatística é de xustiza recoñecer a incorporación progresiva da variable sexo a unha parte moi significativa das operacións da comunidade autónoma. Non obstante, aínda non é posible unha desagregación por sexo completa dalgunhas series de datos nas principais producións estatísticas. Ademais, precisaríase ampliar as variables ou dimensións de estudo para a elaboración de indicadores de xénero en ámbitos de interese.*" Por isto, prevé unha liña de acción destinada á "*Realización e difusión de estudos sobre a situación das mulleres e mellora da elaboración e utilización de datos estatísticos e indicadores de xénero.*", da que é responsable todos os departamentos da Administración xeral e entes adscritos.
4. Por todo isto, suxírese:

   - Para a compilación de datos: que á hora de recompilar os datos relativos ás persoas físicas do procedemento estea previsto a súa recollida e que estes datos estean desagregados por sexo e incorporando indicadores por razón de xénero, para poder determinar a necesidade de establecer medidas específicas que promovan a integración efectiva da perspectiva de xénero neste ámbito.

   - Para a elaboración de sucesivos informes de impacto de xénero pois segundo o artigo 9 do Decreto lexislativo 2/2015, "da totalidade destas estatísticas e investigacións enviaráselle copia ao órgano competente en materia de igualdade".



CSV: REXISTRO-S6yXnKEA7-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/11/2022 17:47:15
Nº Rexistro: 44306
Data envío: 24/11/2022 17:47:15.684

UTILIZACIÓN DUNHA LINGUAXE NORMATIVA NON SEXISTA

1. A incorporación dunha linguaxe non sexista está recollida nos artigos 11 e 12 do Decreto lexislativo 2/2015.
2. A nivel estatal o tratamento da linguaxe lexíslase na aliña 11 do artigo 14 da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.
3. Na presente proposición de lei aparece o uso do masculino equiparado ao dobre xénero nos seguintes artigos:
   - Artigo 14.5. Fala do mandato "dos novos conselleiros"
   - Artigo 15. Fala do "Comité de Expertos" e "expertos", cando na Disposición adicional cuarta se refire ao comité como "comité de persoas expertas", mais recomendable.

**De acordo con todo o indicado, INFORMO:**

Medidas propostas para mellorar o texto:

1. Prever a incorporación da igualdade de xénero, de xeito transversal, nas bases do concurso
2. Integrar estatísticas, no seu caso, en clave de xénero
3. Revisar a linguaxe nos termos indicados no informe

Santiago de Compostela, data da sinatura electrónica
A secretaria xeral da Igualdade
Susana López Abella



ABELLA, SUSANA
al
22 14:01:36
CSV: REXISTRO-S6yXnKEA7-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/11/2022 17:47:15
Nº Rexistro: 44306
Data envío: 24/11/2022 17:47:15.684

**Asinado dixitalmente por:**

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/11/2022 17:47:06**

CSV: REXISTRO-S6yXnKEA7-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 07.02.2023        Hora: 10:00**

**Orde do día**

2. Comparecencia

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 07.02.2023 Hora: 10:00**

**Orde do día**

2.1 48689(11/CPP-000115)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, por petición propia, para informar sobre as políticas da Xunta en materia de solo empresarial

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2023 09:30:00
Nº Rexistro: 48689
Data envío: 31/01/2023 09:27:36.288
Data 31/01/2023 09:27

Solicítolle, consonte o disposto no artigo 144 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia -ante o Pleno- da Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda para informar "**sobre as políticas da Xunta en materia de solo empresarial**".

Santiago de Compostela,.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

*(ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: REXISTRO-vZoi2JDwt-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 31/01/2023 09:27:17

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2023 09:30:00
Nº Rexistro: 48689
Data envío: 31/01/2023 09:27:36.288

Asinado dixitalmente por:

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 31/01/2023 9:27:17**

CSV: REXISTRO-vZoI2JDwt-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 07.02.2023        Hora: 10:00**

**Orde do día**

3. Mocións

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 07.02.2023 Hora: 10:00**

**Orde do día**

3.1 48340(11/MOC-000136)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa

Sobre a situación macroeconómica de principios de 2023 (Moción a consecuencia da Interpelación doc. núm. 45218, publicada no BOPG núm. 428, do 28 de decembro de 2022, e debatida na sesión plenaria do 24 de xaneiro de 2023)

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2023 11:14:03
Nº Rexistro: 48340
Data envío: 26/01/2023 11:14:03.436

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria celebrada o pasado 25 de xaneiro, sobre a situación macroeconómica de principios de 2023 (doc. núm **45218**, [**11/INT-002234**]).

**Moción**

"O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Impulsar, ao abeiro do Consello Económico e Social, un foro de diálogo para avaliar as medidas a impulsar para rectificar a ralentización da economía galega e reorientar as políticas económicas poñendo especial énfase na atención á terciarización da economía e ao agravamento da exclusión social. Dito grupo de traballo remitirá ao Parlamento galego unha proposta de medidas para a súa posta en común, debate e aprobación.

2. Impulsar a reindustrialización do tecido económico galego desenvolvendo, en diálogo cos axentes sociais e co tecido innovador e universitario do país, un Plan de Fomento da actividade tecnolóxica e industrial co obxectivo de elevar a participación da sector industrial no PIB de Galiza até o 25% no horizonte 2030 que inclúa unha forte aposta polo investimento público vinculado á esixencia do cumprimento de indicadores de I+D+i.

3. Comprometer unha reorientación orzamentaria para iniciar o incremento, progresivo, do investimento en I+D+i até o situar no 2,5% do PIB.

CSV: REXISTRO-CHggBK1gf-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2023 11:14:03
Nº Rexistro: 48340
Data envío: 26/01/2023 11:14:03.436

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

4. Comprometer unha reorientación orzamentaria para garantir o incremento das prestacións sociais conforme ao incremento do IPC e a recuperación das axudas sociais eliminadas como a tarxeta básica."

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**
Deputada do G.P. do BNG
**Ana Pontón Mondelo**
Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 26/01/2023 10:48:25**

**Ana Pontón Mondelo na data 26/01/2023 10:48:38**

CSV: REXISTRO-CHggBK1gf-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 07.02.2023 Hora: 10:00**

**Orde do día**

3.2 48525(11/MOC-000137)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia

Sobre as axudas en materia de vivenda para a mocidade (Moción a consecuencia da Interpelación doc. núm. 45499, publicada no BOPG núm. 431, do 4 de xaneiro de 2023, e debatida na sesión plenaria do 24 de xaneiro de 2023)

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/01/2023 16:30:00
Nº Rexistro: 48525
Data envío: 27/01/2023 14:05:54.122

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, Noelia Otero Lago, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte Moción para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria do día 24 de xaneiro de 2023, sobre as axudas en materia de vivenda para a mocidade (doc núm. 45499).

Moción

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1º. Aumentar as contías das axudas ao alugueiro da mocidade.

2º. Elaborar un Plan galego de emancipación e acceso á vivenda da mocidade.

3º. Establecer un programa de axudas específico para aqueles mozos e mozas que por motivos de estudo precisan vivir desprazados noutras localidades da nosa comunidade.

Pazo do Parlamento, 27 de xaneiro de 2023

**Asinado dixitalmente por:**

**Noelia Otero Lago na data 27/01/2023 12:20:21**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 27/01/2023 12:20:33**

CSV: REXISTRO-qwFDfmtCR-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 07.02.2023        Hora: 10:00**

**Orde do día**

4. Proposicións non de lei

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 07.02.2023        Hora: 10:00**

**Orde do día**

4.1 34793(11/PNP-003862)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Proposición non de lei de iniciativa popular pola que se insta a Xunta de Galicia a aprobar un plan de choque que axude os mozos e as familias galegas a afrontaren a subida do prezo dos combustibles

*Publicación do acordo, 321, 20.05.2022*

*Publicación da iniciativa, 425, 22.12.2022*

*Publicación do acordo, 429, 29.12.2022*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/05/2022 13:51:48
Nº Rexistro: 34793
Data envío: 11/05/2022 13:51:48.929

Xurxo Doval Blanco

comparece perante a Mesa do Parlamento de Galiza en calidade de Promotor da presente iniciativa e EXPÓN:

Que consoante ao disposto no artigo 16 da Lei 7/2015, do 19 de agosto, de iniciativa lexislativa popular e participación cidadá no Parlamento de Galiza, formula escrito de promoción de PROPOSICIÓN NON DE LEI, co seguinte contido:

## Exposición de motivos

Na última década, o transporte público interurbano de Galicia viuse sometido a unha lenta pero progresiva degradación en canto a calidade e frecuencia do servizo con recortes de liñas e frecuencias, xunto cunha escasa e insuficiente renovación das flotas de vehículos

Esta situación previa únese á recente alza dos prezos dos combustibles motivada pola invasión de Ucraína e resulta especialmente dramática nunha terra de poboación dispersa e estrutura ferroviaria subdesenvolvida. Este panorama non é alleo a situación de precariedade da mocidade galega e afonda así nun despoboamento extremadamente prexudicial para a nosa comunidade.

Por outra banda, esta alza dos prezos está a motivar uns ingresos tributarios extraordinarios, especialmente en concepto de IVE, cuxa recadación transfírese nun 50% á Xunta de Galicia. Este incremento non previsto dos recursos económicos a disposición das comunidades autónomas dan unha marxe adicional para afrontar esta situación sen incrementar a débeda pública nin detraer recursos do resto de servicios públicos.

## Proposta de resolución

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia, dentro das súas amplas competencias en materia de transporte a aprobar de xeito urxente un plan de choque que axude a mozos e familias galegas a afrontar a subida do prezo dos combustibles que inclúa, como mínimo, as seguintes medidas:

1. A ampliación das prestacións de mobilidade existentes para menores de 21 anos a todos os menores de 30 anos.

2. A supresión das limitacións temporais que impoñen as concesionarias de transporte interurbano para a expiración da validez dos bonos.

3. A imposición as concesionarias de transporte interurbano da obriga de compensar aos usuarios vítimas de retrasos ou avarías, de igual forma ao que ocorre no transporte ferroviario.

4. Velar polo cumprimento rigoroso do pregos de contratacións, a través das súas tarefas de inspección e control, no que respecta á renovación das flotas das concesionarias de transporte interurbano dependentes da Xunta de Galicia reemprazando os vehículos máis antigos para garantir un servizo de maior calidade e respectuoso co medio ambiente.

Asinado por: Parlamento de Galicia
Data e hora: 11/05/2022 13:51:24

CSV: REXISTRO-OAFQjHFvu-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/05/2022 13:51:48
Nº Rexistro: 34793
Data envío: 11/05/2022 13:51:48.929

5. A garantía de que todos os concellos de Galicia dispoñan de, como mínimo un traxecto diario de ida e volta, que os comunique cos concellos adxacentes."

Asinado por: Parlamento de Galicia
Data e hora: 11/05/2022 13:51:24

CSV: REXISTRO-OAFOjHFvu-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 27/12/2022 13:17:42
Nº Rexistro: 12810
Data envio: 27/12/2022 13:17:42.531

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 26 de decembro de 2022, adoptou os seguintes acordos:

**Procedementos de control e impulso**

**Proposicións non de lei de iniciativa popular**

**Asignación ao grupo, cualificación e publicación do acordo**

-34793 (11/PNL-000006) (11/PNC-003862)
Proposición non de lei de iniciativa popular pola que se insta a Xunta de Galicia a aprobar un plan de choque que axude os mozos e as familias galegas a afrontaren a subida do prezo dos combustibles
BOPG n.º 321, do 20.05.2022

A Mesa toma coñecemento do escrito do G.P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 45392) polo que solicita asumir a iniciativa como propia e convertila en proposición non de lei ante o Pleno, e acorda:

1.º) Asignar a proposición non de lei ao G.P. dos Socialistas de Galicia.

2.º) Cualificala como proposición non de lei en Pleno.

3.º) Trasladar o acordo á Xunta de Portavoces.

4.º) Publicar o acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e comunicalo aos promotores da iniciativa.

Santiago de Compostela, 27 de decembro de 2022

María Elena Candia López, Vicepresidenta 1ª

Firmado digitalmente por María Elena Candia López, Vicepresidenta 1ª
Nombre de reconocimiento (DN): cn=María Elena Candia López, Vicepresidenta 1ª, email=elena.candia.lopez@parlamentodegalicia.es
Fecha: 2022.12.27 13:07:18 +01'00'

María Elena Candia López
Vicepresidenta 1.ª

CSV: REXISTRO-PuwbVC9Uy-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 27/12/2022 13:17:42
Nº Rexistro: 12810
Data envio: 27/12/2022 13:17:42.531

**Asinado dixitalmente por:**

**María Elena Candia López, Vicepresidenta 1ª na data 27/12/2022 13:07:18**

CSV: REXISTRO-PuwbVC9Uy-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 07.02.2023        Hora: 10:00**

**Orde do día**

4.2 45194(11/PNP-003837)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonzo, Ramón e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para negociar coas entidades financeiras a constitución dun fondo de rescate hipotecario

*Publicación da iniciativa, 428, 28.12.2022*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/12/2022 13:50:38
Nº Rexistro: 45194
Data envío: 20/12/2022 13:50:38.283

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Ramón Fernández Alfonzo** e **Daniel Pérez López** e das deputadas **Rosana Pérez Fernández** e **Alexandra Fernández Gómez**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a creación dun Fondo de rescate das persoas afectadas polo encarecemento das hipotecas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os beneficios das principais entidades bancarias do Estado español nos 9 primeiros meses do ano son de récord. O Banco Santander gañou 7.316 millóns de euros, un 25% máis que o ano anterior, e cifra récord da entidade. O BBVA aumentou o seu beneficio un 46,2% chegando aos 4.842 millóns. CaixaBank gañou 2.457 millóns até setembro, un 17,7% máis que o ano anterior (en base comparábel). O Banco Sabadell duplicou beneficio con 709 millóns de euros (un 92%), e Unicaja Banco, 5ª entidade do Estado, gañou 260 millóns, un 67%. Estas 5 entidades copan o 70% dos activos bancarios do Estado español.

Todas elas destacan na presentación de resultados a mellora das súas marxes operativas por causa da suba dos tipos de interese. Salientan as manifestación de Gonzalo Cortázar, Conselleiro delegado de CaixaBank, ao respecto do que isto implica para as familias: “os clientes con hipoteca variable antes da suba de tipos destinaban de media o 25% dos seus ingresos a pagar as cotas e agora necesitarán un 30%”

CSV: REXISTRO-pzJKBAo4o-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/12/2022 13:50:38
Nº Rexistro: 45194
Data envío: 20/12/2022 13:50:38.283

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Abanca, a entidade maioritaria na Galiza, con unha cota de mercado que segundo as súas declaracións supera o 40% do mercado (Escotet: "Hemos recuperado cuotas de mercado naturales de las cajas gallegas") obtivo nos nove primeiros meses do ano un resultado neto de 148,8 millóns de euros (sen contar atípicos), cifra que significa un medre do 3,3% en termos recorrentes respecto ao mesmo período do ano pasado.

Resulta obrigado lembrar que este escenario veu precedido da entrega de máis de 90.000 millóns de euros de diñeiros públicos na famosa operación de rescate do sector, unha factura que non deixa de engordar a través de créditos fiscais e ampliacións de capital da SAREB.

Rescate que non lles impediu desfacerse do 50% do seu persoal nos últimos 10 anos, un total de 100.000 postos de traballo destruídos no conxunto do Estado, que no caso de Abanca na Galiza aumenta até o 55% de postos de traballo menos que na época da fusión das caixas. Destrución de emprego que acadou niveis récord durante e inmediatamente despois da pandemia malia as chamadas do goberno estatal a preservar o emprego.

Este feito demostra que cando se queren obter resultados os gobernos deben tomar medidas e actuar despregando todas as posibilidades e non limitarse a lanzar peticións ou facer declaracións de intencións, caso do Código de boas prácticas co que o goberno estatal pretende enfrontar un horizonte máis que preocupante para moitas familias que están a ver como o encarecemento das cotas das súas hipotecas os coloca en situacións de franca vulnerabilidade.

Neste contexto, desde o BNG apostamos por rescatar as persoas a través da constitución dun fondo, un mecanismo de defensa eficaz para aquelas persoas e familias máis vulnerábeis, que se nutra nun 25% de fondos públicos e nun 75% de fondos das

CSV: REXISTRO-pzJKBAo4o-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/12/2022 13:50:38
Nº Rexistro: 45194
Data envío: 20/12/2022 13:50:38.283

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

propias entidades financeiras. Unha achega de fondos a modo de devolución de cando menos unha parte daquel rescate bancario, proporcionando recursos aos seus propios clientes e polo tanto beneficiándose en última instancia da protección dos seus propios créditos.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

"O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a negociar coas entidades financeiras a constitución dun Fondo de rescate hipotecario coas seguintes características:

1. Nutrirase dun 25% de fondos públicos e dun 75% de fondos das entidades financeiras con actividade na Galiza en función da súa cota de mercado

2. Condicións subxectivas. Serán persoas beneficiarias aquelas con ingresos totais inferiores ao salario medio no estado español, ou aquelas persoas, ou unidade de convivencia, en situación de vulnerabilidade social que acrediten, á súa vez, que o pagamento mensual da hipoteca para vivenda habitual supere o 30% dos ingresos mensuais netos da persoa ou unidade de convivencia.

3. Condicións obxectivas. Ter subscrito un contrato de préstamo hipotecario para adquisición da vivenda habitual con unha taxa de tipo variábel, e que o euribor supere o 1,5%.

4. A axuda consistirá nunha prestación mensual polo equivalente ao sobrecusto xerado na cota hipotecaria por ter superado o euribor o 1,5%.

CSV: REXISTRO-pzJKBAo4o-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

5. Período de percepción da axuda: 12 meses prorrogábeis.

6. O Instituto Galego de Vivenda e Solo asumirá a xestión do Fondo."

Santiago de Compostela, 20 de decembro de 2022

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonzo**
**Rosana Pérez Fernández**
**Alexandra Fernández Góme**
**Daniel Pérez López**
Deputados e deputadas do G.P. do BNG
**Ana Pontón Mondelo**
Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Pontón Mondelo na data 20/12/2022 13:41:55**

**Daniel Pérez López na data 20/12/2022 13:42:01**

**Alexandra Fernández Gómez na data 20/12/2022 13:42:11**

**Rosana Pérez Fernández na data 20/12/2022 13:42:18**

CSV: REXISTRO-pzJKBAo4o-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/12/2022 13:50:38
Nº Rexistro: 45194
Data envío: 20/12/2022 13:50:38.283

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Ramón Fernández Alfonzo  na data 20/12/2022 13:42:30**

CSV: REXISTRO-pzJKBAo4o-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 07.02.2023 Hora: 10:00**

**Orde do día**

4.3 45318(11/PNP-003851)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e Fernández Alfonzo, Ramón

Sobre as medidas que debe impulsar a Xunta de Galicia para reducir a dependencia dos combustibles fósiles e favorecer que Galicia sexa compensada polo seu papel produtor

*Publicación da iniciativa, 428, 28.12.2022*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/12/2022 10:49:56
Nº Rexistro: 45318
Data envío: 22/12/2022 10:49:56.363

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Noa Presas Bergantiños** e do deputado **Ramón Fernández Alfonzo**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno,** relativa á valoración da Xunta de Galiza respecto do balance enerxético de Galiza e as medidas que debe impulsar para reducir a dependencia dos combustíbeis fósiles e favorecer que o noso país sexa compensado polo seu papel produtor..

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galiza é unha potencia produtora de enerxía eléctrica. Este papel, adxudicado sen consenso ou negociación cos galegos e galegas, non serviu historicamente para favorecer o desenvolvemento económico e social do noso país malia soportarmos as consecuencias medioambientais da xeración.

Así as cousas, os datos dos sucesivos informes de Red Eléctrica de España amosan como Galiza é unha comunidade excedentaria de produción eléctrica. Se vemos, por exemplo, os datos dos dous últimos informes de anualidades completas dispoñibles, observamos como no 2020 Galiza xerou 24.556 Gwh e consumiu 17.413, polo que o saldo é que exportou o 29% do producido. No último ano dispoñible, 2021, atopamos cifras similares: canto á xeración: 24.211, canto ao consumo: 17.510 cun saldo exportador do 27,7%. Ademais, no 2020 por primeira vez na historia, e repetiuse no 2021, Galiza xerou máis renovable da enerxía total que consumiu. É certo que non hai que conformarse, pois en canto non avancemos no almacenamento enerxético

CSV: REXISTRO-WsTa1Zl29-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

precisamos outras fontes non renovables para garantir a subministración, mais é mostra de que Galiza cumpre, consigo mesma e coa crise climática e polo tanto non é de recibo que sexan outros territorios quen se benefician deste esforzo sen recibirmos nós compensación.

O sector enerxético ten un papel central no desenvolvemento económico e social da sociedade. En concreto, para Galiza é un sector aínda máis relevante debido a que tivo, ten e terá un papel de produtor de enerxía con importantes consecuencias sociais, territoriais, medioambientais e económicas. Máis aínda, neste contexto mundial de emerxencia climática e de transformacións na xeración e no consumo ao fío dunha transición enerxética que, se ben é necesaria, está a ser desorganizada e controlada polo lobby eléctrico, este debate cobra aínda máis importancia.

No contexto actual Galiza non pode continuar de espectadora mentres se aumenta a achega e a produción enerxética renovable e non se compensa o impacto social, medioambiental e económico e outros territorios do Estado si piden compensacións. Neste momento histórico Galiza debe reclamar xustiza e capacidade de decisión e impulsar as medidas lexislativas e as negociacións políticas oportunas en dous sentidos: garantir unha tarifa eléctrica galega que compense a través dun abaratamento o noso papel produtor e as súas consecuencias e, ao tempo, garantir o autogoberno e a planificación necesarios para corrixir os problemas derivados da expansión desorganizada, descontrolada e sen garantías e garantir o impulso dun novo modelo enerxético galego.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

CSV: REXISTRO-WsTa1ZI29-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/12/2022 10:49:56
Nº Rexistro: 45318
Data envío: 22/12/2022 10:49:56.363

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

"O Parlamento Galego insta a Xunta de Galiza a posicionar o noso país nos debates enerxéticos que se están a dar no Estado español, reducir a dependencia dos combustíbeis fósiles e facer da enerxía un vector de xustiza social e desenvolvemento económico impulsando as seguintes medidas:

1. Impulsar un novo modelo enerxético galego arredor da prevalencia da protección medioambiental, o impulso da participación pública, o consenso social e a innovación coas seguintes medidas:

a) Impulsar un Mapa de ordenación das enerxías renovábeis, singularmente eólica e fotovoltaica, consensuando e planificando os obxectivos a acadar e a súa expansión no territorio.

b) Impulsar un Plan de intensificación das políticas de eficiencia enerxética cun calendario e orzamento específico arredor das seguintes cuestións: fomento de equipamentos máis eficientes para o fogar e a industria, da mobilidade sustentábel a través da potenciación do transporte público de pasaxeiros nas áreas metropolitanas (para evitar o uso de combustíbeis fósiles a través do vehículo particular) e fomento dos ferrocarrís de proximidade, buses urbanos e comarcais etc.

c) Impulsar, en colaboración co goberno central, un Centro en Galiza para a Competitividade e a I+D+i no Almacenamento de Enerxía.

2. Demandar do goberno central reforma do marco lexislativo eléctrico estatal para garantir que o prezo da tarifa eléctrica nun territorio teña en conta a súa situación de territorio produtor excedentario ou deficitario na produción eléctrica, de cara a, no caso de tratarse dun territorio exportador neto, repercutir positivamente na tarifa dese territorio a través do abaratamento das peaxes e cargos e seren así compensadas as externalidades negativas que produce a xeración eléctrica."



CSV: REXISTRO-WsTa1ZI29-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 22 de decembro de 2022

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

**Ramón Fernández Alfonzo**

Deputada e deputado do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Pontón Mondelo na data 22/12/2022 10:43:20**

**Ramón Fernández Alfonzo na data 22/12/2022 10:43:24**

**Noa Presas Bergantiños na data 22/12/2022 10:43:33**

CSV: REXISTRO-WsTa1ZI29-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 07.02.2023        Hora: 10:00**

**Orde do día**

4.4 46730(11/PNP-003903)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Amigo Díaz, María Encarnación e 14 máis

Sobre a demanda que debe facer a Xunta de Galicia ante o Goberno central para prolongar o servizo activo do persoal médico de atención primaria

*Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, 435, 11.01.2023*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2023 10:12:03
Nº Rexistro: 46730
Data envío: 10/01/2023 10:12:03.977

PARLAMENTO DE GALICIA

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados **María Encarnación Amigo Díaz, Paula Prado del Río, María Corina Porro Martínez, Noelia Pérez López, Rosalía López Sánchez, José Alberto Pazos Couñago, Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez, María Elena Suárez Sarmiento, José Manuel Rey Varela, María Sol Díaz Mouteira, Ana Belén García Vidal, María Felisa Rodríguez Carrera, Adrian Pardo López, Maria Belén Salido Maroño e Fernando Pérez Domínguez** ao abeiro do disposto nos artigos 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno** polo **trámite de urxencia.**

**Xustificación da urxencia**

*A urxencia vén motivada pola necesidade de impulsar todas as medidas precisas para facer fronte ao déficit de persoal médico que sofre o Sistema Nacional de Saúde*

**Exposición de Motivos:**

A carencia de determinado persoal médico especialista que sofre todo o Sistema Nacional de Salud está pondo o foco máis que nunca na necesidade de dar cobertura a estas prazas.

En todas a comunidades autónomas somos conscientes de que existe unha problemática común coa falta de determinados especialistas, en especial dos médicos de familia e pediatría, pero tamén somos conscientes de que estes problemas requiren dunha solución común a nivel estatal.

Ata o de agora parecía que este problema que todas as comunidades víamos era alleo ó Ministerio, o cal incluso rexeitaba todas as propostas que dende esta Cámara ou a Xunta de Galicia se lle elevaban.

Afortunadamente, fai pouco tivemos coñecemento de que o Goberno de España formulaba un proxecto co obxectivo de facilitar a xubilación activa dos médicos e pediatras de atención primaria. Feito que pola nosa parte acollemos coma un avance, posto que consideramos que o Ministerio comeza a ser consciente da problemática xeral existente.

Non obstante, o goberno galego trasladou ao Goberno de España a suxestión de que esta medida podería incrementar os seus efectos positivos se se realizasen determinados matices como o aumento ós 72 anos da idade de xubilación, como ocorre noutros empregos públicos como os de xuíces e maxistrados.

CSV: REXISTRO-WXLOFAOnc-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

En Galicia xa levamos comprobada a eficacia da posibilidade de prolongación do servizo activo dende o 2016 cando permitimos a solicitude de prórroga ata os 70 anos, a idade máxima permitida pola lei. Por iso cremos que ampliar a idade de xubilación unido ás condicións extraordinarias que formula o Goberno de España no proxecto de mellora da xubilación activa podería facer máis atractiva esta opción para os nosos profesionais de atención primaria.

E así, aínda que esta medida non constitúe unha solución definitiva ao problema de déficit de médicos que segue a atascarse nun modelo de formación sanitaria especializada pendente de reforma que non xera suficientes especialistas, é certo que a prolongación do servizo activo dos especialistas en exercicio constitúe unha solución parcial pero inmediata.

A publicación da concreción desta medida no BOE no pasado mes de decembro dentro dun Real Decreto-lei moito máis amplo permitiunos ver como o Goberno de España recoñece na exposición de motivos do mesmo unha "falta de facultativos de atención primaria, médicos de familia o pediatras en el Sistema Nacional de Salud" que cualifica como "acuciante". Mais, mesmo nese contexto, a norma legal non fai previsión algunha sobre a posible extensión da posibilidade de servizo activo ata os 72 anos nestas categorías.

Precisamente co máximo ánimo construtivo de contribuír a resolver ese problema común en toda España e, dado que o Goberno de España non deu explicación algunha para rexeitar unha mellora que podería potenciar a efectividade desta norma.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular presentamos a seguinte proposición non de lei en Pleno.

> "O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a demandar do Goberno de España o impulso das modificacións legais oportunas para permitir que o novo réxime de xubilación activa mellorada para médicos de familia e pediatras de atención primaria poida aplicarse a estes profesionais ata os 72 anos de idade"

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2023

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 10/01/2023 10:06:38**

CSV: REXISTRO-WXLOFAOnc-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

**María Encarnación Amigo Díaz na data 10/01/2023 10:06:42**

**Paula Prado del Río na data 10/01/2023 10:06:58**

**María Corina Porro Martínez na data 10/01/2023 10:07:08**

**Noelia Pérez López na data 10/01/2023 10:07:25**

**López Sánchez, Rosalía na data 10/01/2023 10:07:43**

**José Alberto Pazos Couñago na data 10/01/2023 10:08:12**

**Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 10/01/2023 10:08:38**

**María Elena Suárez Sarmiento na data 10/01/2023 10:09:09**

**José Manuel Rey Varela na data 10/01/2023 10:09:25**

**María Sol Díaz Mouteira na data 10/01/2023 10:09:37**

**Ana Belén García Vidal na data 10/01/2023 10:09:50**

**María Felisa Rodríguez Carrera na data 10/01/2023 10:10:10**

**Pardo López, Adrián na data 10/01/2023 10:10:22**

**María Belén Salido Maroño na data 10/01/2023 10:10:35**

**Fernando Pérez Domínguez na data 10/01/2023 10:10:43**

CSV: REXISTRO-WXLOFAOnc-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 07.02.2023 Hora: 10:00**

**Orde do día**

4.5 47099(11/PNP-003936)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 7 máis

Sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno de España para solicitarlle ao presidente do Goberno o cesamento inmediato da secretaria de Estado de Igualdade

*Publicación da iniciativa, 441, 25.01.2023*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2023 12:58:02
Nº Rexistro: 47099
Data envío: 13/01/2023 12:58:02.937

PARLAMENTO DE GALICIA

**A Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Paula Prado del Río, Corina Porro Martínez, Encarna Amigo Díaz, Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Rosalía López Sánchez** e **Elena Suárez Sarmiento,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno.**

**<u>Exposición de motivos</u>**

A violencia contra as mulleres en todas as súas manifestacións, constitúe unha violación dos dereitos humanos e das liberdades fundamentais que impide o total desenvolvemento dun Estado social e democrático de Dereito como o noso. Por ese motivo, os Poderes Públicos non podemos permanecer impasibles ante situacións de desigualdade e violencia por razón de xénero é a nosa obriga, polo tanto, tomar decisións para erradicalas.

É indiscutible que Galicia leva anos promovendo políticas públicas e impulsando instrumentos legais para logralo, pero tamén para avanzar na supresión dos atrancos que día a día impiden o pleno desenvolvemento das mulleres nas distintas esferas, combatendo, así, as diferentes expresións e as novas formas que adopta a violencia de xénero.

Neste sentido, cómpre destacar normas como a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, que, nos últimos tempos, está a avanzar na tipificación doutras formas de violencia, como a violencia vicaria e a violencia dixital, á que se ten sumado recentemente o recoñecemento expreso da explotación sexual como violencia de xénero.

Erradicar a violencia de xénero é unha tarefa na que non podemos permitirnos retroceder nin un paso, e para o Grupo Parlamentario Popular é unha prioridade e un deber de xustiza coas vítimas e as súas familias seguir traballando nese camiño.
Debemos loitar tamén para que sobre os maltratadores caia todo o peso da lei, da xustiza e do rexeitamento social, pois estes actos non poden de ningún xeito ter cabida nunha sociedade democrática e avanzada.

Todas as medidas son insuficientes mentres unha muller viva baixo o medo e a falta de liberdade que iso supón e, calquera balance será negativo mentres haxa unha soa muller asasinada por esta causa.

CSV: REXISTRO-3JSHNWzWp-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510
gp-pp@parlamentodegalicia.gal
@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2023 12:58:02
Nº Rexistro: 47099
Data envío: 13/01/2023 12:58:02.937

Por todas estas razóns, acollemos con inmensa preocupación e rexeitamento as recentes declaracións da Secretaria de Estado de Igualdade, Ánxela Rodríguez, a respecto da rebaixa das penas de agresores sexuais motivado pola aprobación da lei integral de liberdade sexual (LO 10/2022) cuxa entrada en vigor foi o día 7 de outubro de 2022, e que derivou a día de hoxe en mais de 160 casos de reducións de penas xa impostas por delitos sexuais, en Galicia xa son unha vintena os agresores que se viron beneficiados polo Goberno do Presidente Pedro Sánchez; lonxe de rectificar unha lei lesiva e que ten creado unha grave alarma social, fundamentalmente entre as vítimas da violencia sexual, a señora Rodríguez se mofa da redución de estas penas, dentro do contexto dunha tertulia pública, feito totalmente inadmisible.

Por todo isto, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

1. O Parlamento de Galicia amosa o seu rexeitamento á actitude e declaracións da Secretaria de Estado de Igualdade bromeando sobre as rebaixas de penas e a excarceración de agresores sexuais.

2. O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que se dirixa ao Goberno de España solicitándolle ao Presidente do Goberno o cese inmediato da Secretaria de Estado de Igualdade.

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2023

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 13/01/2023 12:54:19**

**Paula Prado del Río na data 13/01/2023 12:54:34**

**María Corina Porro Martínez na data 13/01/2023 12:54:49**

**María Encarnación Amigo Díaz na data 13/01/2023 12:55:02**

**José Alberto Pazos Couñago na data 13/01/2023 12:55:18**

**Noelia Pérez López na data 13/01/2023 12:55:33**

CSV: REXISTRO-3JSHNWzWp-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2023 12:58:02
Nº Rexistro: 47099
Data envío: 13/01/2023 12:58:02.937

**Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 13/01/2023 12:55:48**

**López Sánchez, Rosalía na data 13/01/2023 12:56:00**

**María Elena Suárez Sarmiento na data 13/01/2023 12:56:10**

CSV: REXISTRO-3JSHNWzWp-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 07.02.2023 Hora: 10:00**

**Orde do día**

4.6 47592(11/PNP-003962)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Caballero Miguez, Gonzalo e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para implementar unha política activa de apoio empresarial que acompañe as pequenas e medianas industrias e os traballadores autónomos

*Publicación da iniciativa, 441, 25.01.2023*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2023 10:35:44
Nº Rexistro: 47592
Data envío: 19/01/2023 10:35:44.482

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Gonzalo Caballero Miguez e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** en **Pleno.**

**Exposición de motivos**

A taxa de crecemento da economía galega reflicte un nivel inferior á do conxunto de Estado en 2022, situando a Galicia na cola das comunidades autónomas neste ano, e as previsións de crecemento manteñen á nosa comunidade nunha situación comparativamente preocupante para 2023 segundo distintos estudos de conxuntura. Esta debilidade do crecemento apréciase tamén na evolución do emprego autónomo na nosa comunidade.

Os datos da Federación de Autónomos de Galicia amosan un 2022 tráxico para as persoas traballadoras por conta allea na nosa comunidade, toda vez que estiman a perda de máis de 2.500 persoas autónomas a peche do pasado ano con respecto ás cifras do exercicio anterior. En concreto, a directiva desta federación sinala a desaparición de “sete autónomos ao día en Galicia” nun ano no que se perdeu autoemprego “todos os meses”.

Esta situación, que afecta especialmente ao sector do comercio, súmase á baixa dun 13 % na creación de empresas en Galicia, segundo os últimos datos publicados polo Instituto Nacional de Estatística, que responden ao mes de outubro de 2022. Mentres Galicia é a quinta comunidade con maior caída do conxunto de España, a media estatal, no mesmo período, sitúase nun retroceso do 2,2 %. A evolución comparada galega non é positiva.

Neste contexto, cómpre sinalar que o informe do Banco de España sobre a evolución económica das pemes pon de manifesto a dificultade que están atopando as empresas de menor tamaño para acceder a financiamento bancario. De feito, os datos do segundo e terceiro trimestre do ano 2022 en relación con esa dificultade -xuros máis altos e requisitos máis estritos nun contexto inflacionario- son os máis complexos para as pemes dende 2013.

CSV: REXISTRO-8S05Jozpp-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2023 10:35:44
Nº Rexistro: 47592
Data envío: 19/01/2023 10:35:44.482

Ante estas dificultades, o goberno da Xunta non está adoptando unha política económica activa e suficiente para respaldar ao tecido produtivo galego ante os retos existentes.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento insta á Xunta de Galicia a implementar:

- Unha política económica activa cunha liña estratéxica de apoio empresarial que acompañe a pemes e traballadores e traballadoras autónomas para que poidan sobrevivir, primando as iniciativas empresariais deste tipo, e abordando cooperativamente co Consello Económico e Social este reto de país.

- Un plan de apoio extraordinario con medidas financeiras, comerciais e económicas para o tecido empresarial galego ante as dificultades económicas e de acceso ao crédito e o seu custe, reforzado para pemes e autónomos para este 2023.

- Un plan de impulso para fomentar o autoemprego e a xeración, asentamento e supervivencia de pemes, coa intención de frear a tendencia negativa existente na economía galega.

Pazo do Parlamento, 18 de xaneiro do 2023

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Luis Manuel Álvarez Martínez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

CSV: REXISTRO-8S05Jozpp-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Asinado dixitalmente por:**

**Gonzalo Caballero Míguez na data 19/01/2023 10:22:29**

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2023 10:35:44
Nº Rexistro: 47592
Data envío: 19/01/2023 10:35:44.482

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 19/01/2023 10:22:38**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 19/01/2023 10:22:49**

CSV: REXISTRO-8S05Jozpp-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 07.02.2023        Hora: 10:00**

**Orde do día**

5. Interpelacións

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 07.02.2023 Hora: 10:00**

**Orde do día**

5.1 44622(11/INT-002197)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as axudas á agricultura ecolóxica

*Publicación da iniciativa, 420, 14.12.2022*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/12/2022 13:05:46
Nº Rexistro: 44622
Data envío: 02/12/2022 13:05:46.689

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Xosé Luis Rivas Cruz, María González Albert** e **Carmen Aira Díaz,** deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O chamado Pacto Verde da nova PAC semella querer camiñar cara a unha agrogandaría europea máis respectuosa co medio ambiente diminuíndo a presión dos fertilizantes e dos fitosanitarios e procurando máis peso no ecolóxico.

Esta nova versión do modelo da PAC, na súa nova formulación pretende, en teoría, chegar a un modelo de produción alimentaria máis sostible e respectuoso, e así se explicita en documentos coma Da Granxa á Mesa e a súa pretensión sería chegar a un 25% da SAU en ecolóxico para o 2030.

Esta chamada recibiu resposta en Galicia dun xeito non visto anteriormente. Claro que anteriormente o cambio a ecolóxico e a inclusión de novas parcelas estaba vedado desde o 2017.

E así xa nesta primavera pasada as novas hectáreas certificadas andaban polas 12.000 e o montante das axudas solicitadas chegaban a sumar os 5,6millóns de euros.

Todo isto era o resultado en principio dunha campaña levada a cabo nos dous últimos anos a favor do ecolóxico debido ao exiguo 5% galego.

CSV: REXISTRO-GgQcbEZ4S-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A orde de axudas establecía un xeito de concorrencia competitiva que establecía prioridades de 2 puntos ás explotacións de montaña e de 1 punto ás situadas en Rede Natura. Estes criterios de concorrencia competitiva deixarán fóra, se alguén non o remedia, unha boa parte das pequenas granxas de leite e de pequenos produtores de horta e de carne de vacún en ecolóxico.

As previsións de Medio Rural foron toda unha mostra de incompetencia e temeridade. Incompetencia porque o diñeiro orzamentado non chega para cubrir a demanda, e temeridade porque se non se cobren debidamente as solicitudes de axuda pode xerar unha desbandada e abandono do ecolóxico e máis do convencional.

Vexamos por que:

-Medio Rural só ten orzados para este mester 3,18 millóns de euros cando serían necesarios 5,6ME.

-Quedan polo tanto fóra de axudas un 43% das hectáreas solicitadas.

-Hai un bo número de explotacións que para entraren en ecolóxico renunciaron (son incompatibles) ás axudas agroambientais que viñan cobrando en convencional e agora van quedar sen unhas nin outras.

-Tiveron gastos en pago a entidades de aconsellamento que van desde 1.200 a 1.400 euros.

-Cuotas de inscrición no Craega 450 euros

-Corrixir incidencias para poder estar en eco como pouco nunha granxa pequena son 500 euros noutras as inversións poden ser moito maiores.

CSV: REXISTRO-GgQcbEZ4S-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/12/2022 13:05:46
Nº Rexistro: 44622
Data envío: 02/12/2022 13:05:46.689

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-A diferencia entre un 1kg de penso en convencional a ecolóxico son 0.15céntimos, se un animal consume 1T de penso ao ano, só hai que botar contas co número de animais de cada granxa para ver en canto pode reflectir esta suba.

Todo isto sen contar coa baixada de produción dos primeiros anos

Non é de recibo esta agresión a un sector que ten todo o futuro por diante aínda que necesitado de apoios e promocións. Debe ser consciente a Consellería que cando comete un erro de previsión e este resulta altamente prexudicial para agricultores e gandeiros, esta queda obrigada a reparar o dano con tódalas consecuencias.

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:

Que estratexia vai adoptar a Consellería de Medio Rural de aquí a 2030 para chegar a ese 25% de agricultura ecolóxica que marca coma obxectivo a nova Pac e como vai solventar o problema creado polo inesperado aumento deste ano de peticións de axudas por ampliación de superficie e novas incorporacións ó ecolóxico?

Santiago de Compostela, 2 de decembro de 2022

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**
**María González Albert**
**Carmen Aira Díaz**
Deputado e deputadas do G.P. do BNG

CSV: REXISTRO-GgQcbEZ4S-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/12/2022 13:05:46
Nº Rexistro: 44622
Data envío: 02/12/2022 13:05:46.689

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**María del Carmen Aira Díaz na data 02/12/2022 13:03:27**

**María González Albert na data 02/12/2022 13:03:30**

**Xosé Luis Rivas Cruz na data 02/12/2022 13:03:38**

CSV: REXISTRO-GgQcbEZ4S-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2023 10:38:26
Nº Rexistro: 47911
Data envío: 23/01/2023 10:38:26.997

**Asinado dixitalmente por:**

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 23/01/2023 10:38:23**

CSV: REXISTRO-NFrvsoaNE-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 07.02.2023 Hora: 10:00**

**Orde do día**

5.2 44916(11/INT-002217)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e Rodríguez Dacosta, María del Carmen

Sobre as axudas para os produtores agrogandeiros en ecolóxico

*Publicación da iniciativa, 424, 21.12.2022*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/12/2022 16:52:26
Nº Rexistro: 44916
Data envío: 12/12/2022 16:52:26.275

Á Mesa do Parlamento

Martín Seco García e Carmen Rodríguez Dacosta, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte interpelación.

Os produtores en ecolóxico están alarmados pola insuficiencia dos fondos que a Xunta de Galicia destina para agricultura ecolóxica que segundo o propio Goberno galego só cubrirá un 57 % das hectáreas que solicitaron a axuda e que durante o ciclo do ano 2015 a 2021 cubrira o total da superficie que cumpría os requisitos. Con estes orzamentos aprobados e planificados, saen gravemente prexudicados os produtores, que fan grandes esforzos para manter as súas explotacións.

O Pacto Verde ten como obxectivo que o 25 % da superficie agraria útil, dos 27 países da Unión Europea, estea dedicada á produción ecolóxica no ano 2030; sendo a Política Agraria Común o instrumento clave para apoiar a reconversión á produción ecolóxica.

Neste sentido, a Consellería dedicouse a promocionar e alentar aos produtores para que se pasaran a ecolóxico, obtendo unha alta resposta por parte deles, chegando a acadar os fitos de superficie e operadores certificados que tiña a Consellería como obxectivo no ano 2018.

Cabe destacar que, se se acadaron estes números, foi grazas á convocatoria das axudas de ecolóxico da PAC do 2022. Como era de esperar, e despois da promoción da Consellería, os produtores viron na produción ecolóxica unha oportunidade inigualable que fixo que se incrementase a superficie certificada en máis de 12.000 hectáreas.

A maioría destes produtores, que fixeron un desembolso económico e un esforzo a nivel técnico para cambiar a ecolóxico, atoparanse, a finais de ano, coa denegación da súa solicitude de axuda de conversión a ecolóxico do ano 2022, perdendo o dereito a cobro por mor de falta de orzamento na partida orzamentaria. Pola mesma razón, veranse igualmente afectados aqueles produtores que solicitaron a axuda de mantemento.

Por se non for suficiente, atendendo aos datos publicados, as cousas non melloran no período 2023-2027, xa que para poder cubrir as máis de 45.000 Ha certificadas polo Craega, o orzamento planificado debería de triplicarse.

CSV: REXISTRO-q0BjKuFzp-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/12/2022 16:52:26
Nº Rexistro: 44916
Data envío: 12/12/2022 16:52:26.275

Os produtores en ecolóxico atópanse nunha situación de incerteza total. Por unha banda, expectantes da resolución do 2022, que non será a esperada por moitos. Por outra, de cara á campaña 2023, que é de suma importancia ter mais información para poder decidir que van facer na súa explotación, xa que, de non contar coas axudas, ante a imposibilidade de manter as explotacións nesta produción, moitos deles daranse de baixa na certificación. Se os importes planificados non se varían, está claro que só haberá cartos para solicitar axudas de Agroambiente e Clima no ano 2023, polo que os produtores se xogan moito nesta primeira campaña, que determinará o que cobraran nos 5 seguintes anos.

Por iso, o deputado e a deputada que asinan, interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1ª) Que pensa facer o Goberno galego ante a grave situación que poden vivir os produtores en ecolóxico que se quedaran fóra das axudas?

2ª) Cal foi a previsión que fixo o Goberno galego para esta liña de axudas, cando foi a propia Xunta a que animou aos produtores a pasarse a ecolóxico?

Pazo do Parlamento, 12 de decembro de 2022

**Asinado dixitalmente por:**

**Martín Seco García na data 12/12/2022 16:43:17**

**María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 12/12/2022 16:43:31**

CSV: REXISTRO-q0BjKuFzp-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 07.02.2023 Hora: 10:00**

**Orde do día**

5.3 46698(11/INT-002262)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e 18 máis

Sobre a atención primaria no Sistema sanitario público galego

*Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, 435, 11.01.2023*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2023 09:30:00
Nº Rexistro: 46698
Data envío: 09/01/2023 19:57:05.190

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Manuel Lourenzo Sobral, Carmen Aira Díaz, Luis Bará Torres, Iria Carreira Pazos, Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonzo, Alexandra Fernández Gómez, María González Albert, Carme González Iglesias, Rosana Pérez Fernández, Daniel Pérez López, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Paulo Ríos Santomé, Xosé Luis Rivas Cruz** e **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 147 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación polo trámite de urxencia**, relativa as medidas a tomar para converter a Atención Primaria no auténtico eixo vertebrador do sistema sanitario público galego.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia motívase na necesidade de que o Parlamento se posicione canto antes sobre a situación da Atención Primaria.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Levamos anos demandándolle ao PP que tome medidas para deixar de poñer en risco a saúde e a vida d@s galeg@s coa súa política de deterioro da sanidade pública galega.

CSV: REXISTRO-BMdHuZlFJ-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Non só non atendeu ningunha das peticións, senón que segue dando pasos cara o precipicio, cara o abismo, como consecuencia seguen as listas de espera para ter cita nos centros de saúde, seguen os PACs sin médic@s, as crianzas sen pediatras.

Todas as actuacións levadas a cabo van encamiñadas cara roubarlle @s galeg@s o dereito a unha sanidade pública, universal, gratuíta e de calidade, onde as persoas sexan atendidas en función das súas necesidades de saúde e non da súa capacidade económica. O obxectivo é cambiar a tarxeta sanitaria pola tarxeta bancaria.

Os datos son clarificadores, o incremento do gasto en sanidade privada, tanto global, como por fogares e por persoa non fai máis que avanzar. Ese aumento está directamente relacionado co deterioro da sanidade pública.

Entre tanto a Xunta actúa de comentarista dos problemas, na vez de actuar para solucionalos. Nin medidas conxunturais nin estruturais para sacar á atención primaria do pozo no que a teñen metida os 13 anos de goberno do PP.

É urxente o cambio de rumbo, poñer en marcha medidas que aposten claramente pola sanidade pública, por esa razón formúlase a seguinte interpelación polo trámite de urxencia:

Cal é a planificación da Xunta de Galiza para garantir que a Atención Primaria sexa o auténtico eixo vertebrador do sistema sanitario?

Por que non elabora un Plan de Ordenación de Recursos Humanos a partir do cal presentar un plano de redimensionamento e estabilidade do cadro de persoal?

Parécelle casualidade que ano tras ano @s profesionais que rematan o MIR de Familia e Comunitaria, ou Pediatría, non se queden en Atención Primaria?

CSV: REXISTRO-BMdHuZIFJ-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2023 09:30:00
Nº Rexistro: 46698
Data envío: 09/01/2023 19:57:05.190

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Que avaliación fai ao respecto?

Que alternativa lles oferta @s galeg@s diante da escaseza de facultativ@s de Medicina de Familia e Comunitaria, pediatras, enfermeiras...?

Que accións vai realizar para garantir que nos PACs presten atención sanitaria equipos completos de profesionais, formados por persoal facultativo, enfermería e celadoras/es ou PSX tal como establece a normativa e os acordos asinados c@s profesionais e polo tanto rectificar a intención de que persoal de enfermería preste atención en solitario ante a ausencia de médic@s?

Por que non incorpora a Atención Primaria categorías imprescindíbeis para prestar unha atención integral: psicoloxía, terapia ocupacional, logopedia, traballo social...?

Non considera preciso a aprobación das carteiras de servizos de cada unha das categorías profesionais presentes en Atención Primaria?

Considera que o servizo de ambulancias está suficientemente dimensionado para garantir a asistencia sanitaria @s galeg@s?

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**
**Olalla Rodil Fernández**
**Manuel Lourenzo Sobral**
**Carmen Aira Díaz**

CSV: REXISTRO-BMdHuZIFJ-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2023 09:30:00
Nº Rexistro: 46698
Data envío: 09/01/2023 19:57:05.190

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Luis Bará Torres**

**Iria Carreira Pazos**

**Daniel Castro García**

**Ramón Fernández Alfonzo**

**Alexandra Fernández Gómez**

**María González Albert**

**Carme González Iglesias**

**Rosana Pérez Fernández**

**Daniel Pérez López**

**Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Mercedes Queixas Zas**

**Paulo Ríos Santomé**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Rivas Cruz na data 09/01/2023 19:32:15**

**Carmela González Iglesias na data 09/01/2023 19:32:18**

**Ana Pontón Mondelo na data 09/01/2023 19:32:24**

**Paulo Ríos Santomé  na data 09/01/2023 19:32:32**

CSV: REXISTRO-BMdHuZlFJ-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2023 09:30:00
Nº Rexistro: 46698
Data envío: 09/01/2023 19:57:05.190

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 09/01/2023 19:32:41**

**Alexandra Fernández Gómez na data 09/01/2023 19:32:50**

**María Montserrat Prado Cores na data 09/01/2023 19:33:00**

**Xosé Luis Bará Torres na data 09/01/2023 19:33:08**

**María González Albert na data 09/01/2023 19:33:17**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 09/01/2023 19:33:25**

**Noa Presas Bergantiños na data 09/01/2023 19:33:34**

**María del Carmen Aira Díaz na data 09/01/2023 19:33:42**

**Daniel Castro García na data 09/01/2023 19:33:50**

**Olalla Rodil Fernández na data 09/01/2023 19:33:59**

**Iria Carreira Pazos na data 09/01/2023 19:34:09**

**Daniel Pérez López na data 09/01/2023 19:34:17**

**Ramón Fernández Alfonzo na data 09/01/2023 19:34:27**

**Rosana Pérez Fernández na data 09/01/2023 19:34:35**

CSV: REXISTRO-BMdHuZIFJ-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2023 09:30:00
Nº Rexistro: 46698
Data envío: 09/01/2023 19:57:05.190

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Mercedes Queixas Zas na data 09/01/2023 19:34:46**

CSV: REXISTRO-BMdHuZIFJ-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 07.02.2023 Hora: 10:00**

**Orde do día**

5.4 47324(11/INT-002291)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 3 máis

Sobre os dereitos sexuais e reprodutivos da muller

*Publicación da iniciativa, 441, 25.01.2023*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2023 13:08:53
Nº Rexistro: 47324
Data envío: 17/01/2023 13:08:53.802

Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela, Noelia Otero Lago, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte interpelación.

O aborto no Estado está regulado pola Lei orgánica 2/2010 de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo -que substituía a de 1985 coñecida como 'lei de supostos'- e que foi recorrida polo PP no Tribunal Constitucional, sen existir aínda pronunciamento. No ano 2015 o Goberno de Mariano Rajoy modificaba esa lei para obrigar ao permiso paterno ou materno para as menores de 16 e 17 anos e para as mulleres con discapacidade.

O actual Goberno do Estado presidido polo socialista Pedro Sánchez presentou nesta lexislatura unha nova reforma da vixente lei que o pasado decembro conseguiu a aprobación no Congreso do texto lexislativo -co voto en contra de PP e VOX-, que agora mesmo agarda ser referendado no Senado e que devolve ás mulleres de 16 e 17 anos e as que teñan discapacidade o dereito a abortar sen consentimento das súas titoras ou titores legais. No período de emendas, o PP rexistrou unha emenda de devolución do texto sen tan sequera presentar un texto alternativo.

Ademais da eliminación do consentimento, o novo marco lexislativo mantén a garantía do dereito á interrupción do embarazo das mulleres, que a rede pública sexa a de referencia para que as mulleres que decidan abortar poidan facelo no centro público hospitalario máis próximo ao seu domicilio, elimina o período actual de reflexión de tres días, así como a información previa obrigatoria e establece que a píldora do día despois será de acceso gratuíto nos centros de saúde e nos futuros centros públicos de atención especializada en dereitos sexuais e reprodutivos.

A esta nova reforma súmase a Lei orgánica 4/2022, do 12 de abril, pola que se modifica a Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código Penal, para penalizar o acoso ás mulleres que acoden a clínicas para a interrupción voluntaria do embarazo. Tamén esta modificación lexislativa se atopou co voto en contra do Partido Popular e da ultradereita.

Como colofón a todo isto, diante da inminente aprobación da reforma da Lei orgánica 2/2010 de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo, o Goberno de Castela e León vén de anunciar un protocolo para coartar o dereito das mulleres a interromper o seu embarazo con métodos máis propios de tempos hitlerianos que dunha democracia verdadeiramente asentada. Diante deste atropelo aos dereitos das mulleres iniciado pola vicepresidencia dese goberno autonómico presidida por Vox, a única resposta do Partido Popular é o silencio ou posturas nada contundentes de apoio aos dereitos das mulleres.

CSV: REXISTRO-HcCfz6EWY-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2023 13:08:53
Nº Rexistro: 47324
Data envío: 17/01/2023 13:08:53.802

Neste preocupante contexto de retroceso de dereitos, ao Grupo Socialista preocúpanos que o Goberno galego valore poñer trabas á inminente normativa e, o que é peor, non resolva os problemas que teñen as mulleres que queren abortar na sanidade pública galega, algo ao que teñen dereito pero que non está garantido en todo o noso territorio.

Por todo isto, as deputadas e o deputado que asinan, interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1ª) Garantirá o Goberno galego presidido polo señor Rueda o dereito de todas as mulleres galegas a interromper o seu embarazo tal e como establece a nova reforma da lei 2/2010?

2ª) Comparte o Goberno galego o anuncio do Goberno de Castela e León de pór en marcha un protocolo que dificulte ás mulleres desa comunidade autónoma exercer os seus dereitos sexuais e reprodutivos?

3ª) Comparte o Goberno galego as manifestacións antiabortistas vertidas por diversos membros do Partido Popular ou pola contra asume que é un dereito da muller que como tal debe ser garantido?

4ª) Ten previsto o Goberno galego desenvolver a inminente reforma da Lei do aborto na súa totalidade e de maneira igualitaria en todo o noso territorio?

5ª) Está previsto algún mecanismo de control ou seguimento do seu cumprimento? En caso afirmativo, cal ou cales serían?

6ª) Garantirá o Goberno galego a través do Sergas que en cada centro hospitalario público haberá facultativos que practiquen abortos, tal e como recolle a lei?

7ª) Cando ten previsto o Goberno galego asegurar o dereito ao aborto das mulleres galegas en todos os centros hospitalarios públicos?

Pazo do Parlamento, 16 de xaneiro de 2023

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Susana Díaz Varela na data 17/01/2023 13:00:52**

**Noelia Otero Lago na data 17/01/2023 13:01:09**

**Julio Torrado Quintela na data 17/01/2023 13:01:19**

**Marina Ortega Otero na data 17/01/2023 13:01:31**

CSV: REXISTRO-HcCfz6EWY-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 07.02.2023        Hora: 10:00**

**Orde do día**

6. Preguntas para resposta oral do Presidente da Xunta de Galicia

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 07.02.2023        Hora: 10:00**

**Orde do día**

6.1 48666(11/POPX-000093)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre as medidas que vai a adoptar o Goberno galego para resolver os problemas estruturais que presenta o sistema sanitario público

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/01/2023 17:23:28
Nº Rexistro: 48666
Data envío: 30/01/2023 17:23:28.845

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

**Á Mesa do Parlamento**

**Luís Manuel Álvarez Martínez, portavoz** do **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**, dirixida ao **Sr. presidente da Xunta de Galicia.**

Sr. presidente, que medidas vai adoptar o Goberno de Galicia para resolver os problemas estruturais que presenta o sistema sanitario público?

Pazo do Parlamento, 30 de xaneiro do 2023

Asdo.: Luis Manuel Álvarez Martínez
Portavoz G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 30/01/2023 15:43:44**

CSV: REXISTRO-4OK5XWCun-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 07.02.2023        Hora: 10:00**

**Orde do día**

6.2    48667(11/POPX-000094)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana

Sobre a política sanitaria do Goberno galego

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/01/2023 17:41:36
Nº Rexistro: 48667
Data envío: 30/01/2023 17:41:36.126

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Ana Pontón Mondelo**, portavoz do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2 do Regulamento da Cámara e das normas supletorias do 17 de marzo de 2015, formula a seguinte **pregunta** dirixida ao **presidente da Xunta** para a súa **resposta oral en Pleno**.

*Señor Rueda, cre que pode tapar con propaganda a desfeita sanitaria do seu goberno?*

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**
Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Pontón Mondelo na data 30/01/2023 17:39:36**

CSV: REXISTRO-3F6CEfbS8-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 07.02.2023 Hora: 10:00**

**Orde do día**

7. Preguntas ao Goberno

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 07.02.2023 Hora: 10:00**

**Orde do día**

7.1 48656(11/PUP-000302)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña

Sobre o protocolo utilizado polos altos cargos do Goberno galego nas visitas institucionais a concellos nos que se van a realizar investimentos

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/01/2023 16:46:25
Nº Rexistro: 48656
Data envío: 30/01/2023 16:46:25.173

Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputada pertencente ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte pregunta urxente para a súa resposta oral en Pleno.

Xustificación da urxencia. A urxencia vén motivada pola necesidade de que o Goberno galego explique nesta cámara o protocolo utilizado nas visitas institucionais a concellos nos que van realizar investimentos.

Durante os distintos gobernos do PP na Xunta de Galicia foi unha práctica habitual que os altos cargos do Goberno galego acudisen a concellos galegos, gobernados por forzas políticas distintas do PP, a reunirse cos representantes locais do seu partido para anunciar obras ou melloras con financiamento da Xunta de Galicia nos ditos concellos sen invitar ao máximo ou máxima representante do municipio. Esta práctica tense intensificado no que vai deste mes de xaneiro.

Por iso, a deputada que asina, pregunta:

Que valoración fai o Goberno galego sobre esta falla de respecto institucional e ataque á democracia?

Pazo do Parlamento, 30 de xaneiro de 2023

**Asinado dixitalmente por:**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 30/01/2023 16:24:27**

CSV: REXISTRO-BVDyRpogW-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 07.02.2023        Hora: 10:00**

**Orde do día**

7.2 45896(11/POP-006855)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel e 7 máis

Sobre o uso da tarxeta Xente Nova

*Publicación da iniciativa, 431, 04.01.2023*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2022 10:44:52
Nº Rexistro: 45896
Data envío: 29/12/2022 10:44:52.485

PARLAMENTO DE GALICIA

**Á Mesa do Parlamento**

**José Manuel Balseiro Orol, Adrián Pardo López, Carmen Pomar Tojo, Ramón Carballo Páez, Belén Salido Maroño, Marisol Díaz Mouteira, Rubén Lorenzo Gómez** e **Begoña Freire Vázquez,** deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

O Goberno galego leva dado mostras nos últimos anos da súa aposta decidida e comprometida co fomento do uso do transporte público por estrada.

Entre as accións encamiñadas a acadar este obxectivo cabe salientar a posta en marcha da tarxeta Xente Nova, especialmente dirixida a promover o emprego do transporte público entre os mozos. Unha iniciativa concibida tamén cun marcado carácter social, xa que permite aos seus beneficiarios viaxar de balde nos autobuses interurbanos da Xunta, o que redunda nun importante aforro para as familias.

Así, a Xunta de Galicia impulsou esta tarxeta o ano 2016, que inicialmente permitía a viaxe gratuíta dos menores de 19 anos en todos os servizos interurbanos do sistema de transporte público de Galicia prestados no ámbito das áreas de transporte metropolitano da Coruña, Ferrol, Santiago de Compostela, Lugo e Vigo.

Posteriormente, o 1 de xaneiro de 2020, a Xunta ampliou o rango de idade dos beneficiarios en dous anos, polo que a tarxeta Xente Nova pode ser empregada desde entón por todos os menores de 21 anos.

Máis tarde, en xuño de 2020, o Goberno galego ampliou o ámbito territorial de implantación a toda a provincia de Ourense e a 13 concellos do entorno da cidade de Pontevedra.

En maio de 2021, ampliouse a cobertura deste dispositivo a toda a Comunidade Autónoma, de tal xeito que todos os rapaces menores de 21 anos, vivan onde vivan, poden viaxar de balde por Galicia nos autobuses que xestiona a Xunta.
Polo tempo transcorrido, é momento de ponderar o resultado desta iniciativa pioneira e cuantificar o incremento no número de usuarios experimentado.

Polo exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que valoración fai o Goberno galego do uso da tarxeta Xente Nova?

CSV: REXISTRO-vZScVEQIR-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2022 10:44:52
Nº Rexistro: 45896
Data envío: 29/12/2022 10:44:52.485

PARLAMENTO DE GALICIA

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2022

**Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Balseiro Orol na data 28/12/2022 13:52:28**

**Pardo López, Adrián na data 28/12/2022 13:52:44**

**Carmen María Pomar Tojo na data 28/12/2022 13:52:54**

**Ramón Carballo Páez na data 28/12/2022 13:53:09**

**María Belén Salido Maroño na data 28/12/2022 13:53:24**

**María Sol Díaz Mouteira na data 28/12/2022 13:53:32**

**Rubén Lorenzo Gómez na data 28/12/2022 13:53:46**

**Freire Vázquez, María Begoña na data 28/12/2022 13:53:58**

CSV: REXISTRO-vZScVEQIR-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 07.02.2023        Hora: 10:00**

**Orde do día**

7.3    46654(11/POP-007126)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodeiro Tato, Ovidio e 6 máis

Sobre a análise que fai o Goberno galego dos fondos para o financiamento das universidades públicas galegas

*Publicación da iniciativa, 438, 19.01.2023*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2023 12:08:28
Nº Rexistro: 46654
Data envío: 09/01/2023 12:08:28.257

PARLAMENTO DE GALICIA

**Á Mesa do Parlamento**

**Ovidio Rodeiro Tato, Teresa Egerique Mosquera, Elena Súarez Sarmiento, Moisés Rodríguez Pérez, José Luis Ferro Iglesias, Carlos Gómez Salgado e María Felisa Rodríguez Carrera** deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta oral en pleno.**

Ao longo do tempo, a Xunta de Galicia e as universidades de Santiago de Compostela, da Coruña e a de Vigo foron quen de acadar acordos e executar varios plans de financiamento universitario de carácter plurianual.

Neste contexto de planificación das achegas económicas autonómicas, as universidades públicas galegas unha estabilidade financeira envexada no resto do sistema universitario do Estado.

No 2021 estivo vixente o Plan de Financiamento do Sistema Universitario de Galicia para o período 2016-2020, logo de que se acordase a súa prórroga como paso previo á negociación dun novo documento. Neste ano tamén se iniciaron os contactos entre a Xunta e as universidades de Santiago de Compostela, Vigo e A Coruña para avanzar no deseño do novo plan de financiamento.

A vontade de diálogo e consenso permitiu que, unha vez máis, a Xunta e as tres universidades públicas galegas aprobasen o Plan de Financiamento Universitario de Galicia 2022-2026, actualmente en vigor.

Para seguir avanzando á hora de posibilitar que as universidades públicas galegas conten cos recursos axeitados para o desenvolvemento da súa actividade académica e investigadora, desde o Grupo Parlamentario Popular consideramos relevante analizar e facer balance dos fondos incluídos no plan de financiamento correspondente ao período 2016-2020.

CSV: REXISTRO-1XxTd0GCc-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510
gp-pp@parlamentodegalicia.gal
@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2023 12:08:28
Nº Rexistro: 46654
Data envío: 09/01/2023 12:08:28.257

PARLAMENTO DE GALICIA

Por todo o exposto, os deputados e as deputadas asinantes, formulan a seguinte pregunta en pleno:

Que análise fai o Goberno galego sobre os fondos para o financiamento das universidades pública galegas?

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2023.

**Asinado dixitalmente por:**

**Ovidio Rodeiro Tato na data 09/01/2023 11:58:35**

**Rodríguez Pérez, Moisés na data 09/01/2023 11:58:48**

**Gómez Salgado, Carlos na data 09/01/2023 11:58:58**

**María Felisa Rodríguez Carrera na data 09/01/2023 11:59:07**

**José Luis Ferro Iglesias na data 09/01/2023 11:59:20**

CSV: REXISTRO-1XxTd0GCc-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2023 12:08:28
Nº Rexistro: 46654
Data envío: 09/01/2023 12:08:28.257

**Teresa Egerique Mosquera na data 09/01/2023 11:59:30**

**María Elena Suárez Sarmiento na data 09/01/2023 11:59:41**

CSV: REXISTRO-1XxTd0GCc-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 07.02.2023        Hora: 10:00**

**Orde do día**

7.4 46172(11/POP-006955)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pérez López, Noelia e 6 máis

Sobre as accións que está a desenvolver o Goberno galego para favorecer a incorporación ao mercado laboral das persoas desempregadas

*Publicación da iniciativa, 435, 11.01.2023*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2022 12:12:07
Nº Rexistro: 46172
Data envío: 30/12/2022 12:12:07.750

PARLAMENTO DE GALICIA

**A Mesa do Parlamento**

**Noelia Pérez López, Corina Porro Martínez, Encarna Amigo Díaz, Alberto Pazos Couñago, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Rosalía López Sánchez** e **Elena Suárez Sarmiento,** deputadas e deputado do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

Facendo unha análise da evolución dos datos referentes ao emprego en Galicia e tomando como referencia a última Enquisa de Poboación Activa publicada, podemos afirmar que o paro está a baixar na nosa Comunidade, rexistrando as cifras máis baixas de toda a serie histórica.

No referente á taxa de paro rexistrada conclúe que é menor que a estatal e no relativo á ocupación, en Galicia, tamén os datos reflicten unha suba superior a do resto do Estado.

Unha ollada ás cifras da enquisa sobre os colectivos máis vulnerables, e por tanto prioritarios, igualmente revela que a taxa de paro feminina tamén é menor en Galicia que na media estatal e a taxa de paro xuvenil diminúe e aumenta a da súa ocupación na evolución trimestral.

Datos no seu conxunto que permiten deducir que as políticas de emprego postas en marcha pola Xunta de Galicia durante estes anos están a funcionar e a necesidade de seguir traballando para mellorar o mercado laboral e a empregabilidade das galegas e dos galegos.

CSV: REXISTRO-xIqAhkLEU-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

Doutra banda, máis recentemente coñecemos a Enquisa Trimestral de Custo Laboral (ETCL) relativa ao terceiro trimestre de 2022, e publicada polo INE, que mide a evolución trimestral dos custes laborais que soportan as empresas e os salarios brutos dos traballadores e na que desagreganse tamén os postos vacantes de emprego rexistrados no mercado.

O que ven a decir esta enquisa, comparando os datos co ano 2019, é que en Galicia aumentaron as vacantes laborais non cubertas, que supoñen obstáculo engadidao sobre todo para as pequenas e medianas empresas, as cales teñen cada vez máis dificultades para conseguir e reter persoal cualificado.

E a realidade actual e que aínda que Galicia presenta os datos de desemprego máis baixos desde que hai rexistros e o noso mercado laboral segue a resistir a vixente conxuntura, medran os problemas das empresas para atopar perfís e man de obra, tanto de alta como de baixa cualificación, a pesar de existir na nosa comunidade milleiros de galegos ainda desempregados. Unha situación que afecta en maior medida a uns sectores que a outros e que dificulta que o noso tecido produtivo poda atender os incrementos da demanda.

En base ao anteriormente exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que medidas se van a tomar por parte da Xunta de Galicia para paliar esta situación de dificultade que están a atoparse as empresas para poder contratar perfís e man de obra, tanto de alta como de baixa cualificación?

CSV: REXISTRO-xlqAhkLEU-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2022 12:12:07
Nº Rexistro: 46172
Data envío: 30/12/2022 12:12:07.750

PARLAMENTO DE GALICIA

Santiago de Compostela, 30 de decembro de 2022

**Asinado dixitalmente por:**

**Noelia Pérez López na data 30/12/2022 12:09:11**

**María Corina Porro Martínez na data 30/12/2022 12:09:30**

**María Encarnación Amigo Díaz na data 30/12/2022 12:09:47**

**José Alberto Pazos Couñago na data 30/12/2022 12:10:07**

**Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 30/12/2022 12:10:20**

**López Sánchez, Rosalía na data 30/12/2022 12:10:34**

**María Elena Suárez Sarmiento na data 30/12/2022 12:10:46**

CSV: REXISTRO-xIqAhKLEU-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 07.02.2023 Hora: 10:00**

**Orde do día**

7.5 45113(11/POP-006664)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre a valoración do Goberno de Galicia respecto do incremento dos problemas coñecidos entre os equipos profesionais e a dirección da Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza

*Publicación da iniciativa, 428, 28.12.2022*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/12/2022 12:06:44
Nº Rexistro: 45113
Data envío: 16/12/2022 12:06:44.616

grupo socialista Parlamento de Galicia PSdeG PSOE

**Á Mesa do Parlamento**

**Julio Torrado Quintela, Noa Díaz Varela e Marina Ortega Otero,** deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

A xestión de recursos humanos no Sergas está amosando ser un dos graves problemas do sistema sanitario galego. Ademais dos problemas evidentes amosados nalgúns servizos como atención primaria ou as urxencias extrahospitalarias, existen notorios casos de xestión hospitalaria que presentan habitualmente problemas relacionados coa dificultade para atender as necesidades asistenciais cunha axeitada xestión do persoal. A estes efectos a inmobilidade da dirección do Sergas, consellería e Goberno de Galicia resulta alarmante e non permite desenvolver as medidas necesarias para optimizar o funcionamento dos servizos.

Un caso paradigmático e grave desta situación vívese no área sanitaria de Santiago e Barbanza, que nos recentes días viviu a dimisión do xefe de servizo de xinecoloxía. Esta dimisión súmase á dimisión do xefe de servizo de medicina interna ou aos problemas da dirección para afrontar situacións en servizos como o de raios, otorrino ou urxencias.

O área sanitaria vive unha situación de caos organizativo, provocado pola dificultade da xerencia de chegar a acordos e entendemento co persoal. Este escenario ven sendo repetido nos distintos problemas que se veñen dando, nos que a tónica é unha tensión evidente entre profesionais sanitarios dos distintos servizos e a xerencia, que pretende impoñer os seus criterios. Son coñecidas as acusacións dos profesionais de "imposición" das decisións, ou incluso a falar de "ameazas" na relación cos/as traballadoras.

No recente caso do servizo de xinecoloxía repítense patróns xa sucedidos noutros casos semellantes, que evidencian tanto o erróneo deseño do sistema de xestión de recursos humanos para atender aos hospitais comarcais como as dificultades dalgúns equipos directivos para xestionar o sistema que teñen a cargo.

CSV: REXISTRO-RJNeS6iQr-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Como valora o Goberno de Galicia o incremento dos problemas coñecidos entre os equipos profesionais e a Dirección do área sanitaria de Santiago – Barbanza?

Pazo do Parlamento, 16 de decembro do 2022

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Noa Díaz Varela
Marina Ortega Otero
Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela na data 16/12/2022 12:04:06**

**Noa Susana Díaz Varela na data 16/12/2022 12:04:13**

**Marina Ortega Otero na data 16/12/2022 12:04:23**

CSV: REXISTRO-RJNeS6iQr-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 07.02.2023 Hora: 10:00**

**Orde do día**

7.6 46406(11/POP-007056)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre os futuros usos do Hospital Provincial de Pontevedra

*Publicación da iniciativa, 435, 11.01.2023*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2023 12:47:28
Nº Rexistro: 46406
Data envío: 03/01/2023 12:47:28.231

**Á Mesa do Parlamento**

**Paloma Castro Rey, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero,** deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno.**

O Complexo Hospitalario de Pontevedra (CHOP) referente en atención especializada para a Estrutura Organizativa de Xestión Integrada (EOXI) de Pontevedra e O Salnés, xestiona os servizos sanitarios de 26 concellos.

Os centros de referencia para estas áreas atópanse nos concellos de Pontevedra (CHOP, integrado polo Hospital de Montecelo e o hospital Provincial) e Vilagarcía de Arousa (Hospital do Salnés).

Este área atende a máis de 300.000 persoas, que levan anos padecendo a necesidade de novas infraestruturas sanitarias así como que dende o Sergas se corrixan as carencias existentes nos centros hospitalarios existentes na actualidade.

Este verán, tras máis dunha década de atraso no Hospital de Montecelo, iniciáronse as tan esperadas obras de ampliación, pero aínda non se ten acadado ningún acordo en relación aos futuros usos do hospital provincial.

Os sindicatos e asociacións máis representativas do persoal sanitario veñen reclamando dende hai anos un plan de usos deste centro, e que o destino do mesmo sexa sanitario ou socio-sanitario.

No ano 2017 aprobouse o Plan funcional do Gran Montecelo, e no mesmo establecíanse a estrutura e os servizos que ían desenvolverse no hospital de Montecelo e no hospital do Salnés pero non se definía o uso que ía a ter no futuro o actual hospital provincial nin o Centro de Especialidades de Mollabao.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista reclamamos ao goberno da Xunta de Galicia que o futuro deste centro se decida de forma consensuada cos sindicatos e asociacións máis representativas e se comprometa a un uso sanitario ou socio-sanitario público do hospital provincial, convocando con carácter urxente unha mesa de traballo co fin de estar rematado este plan de usos antes de que finalicen as obras do gran Montecelo, e así poder facelo efectivo no menor tempo posible.

CSV: REXISTRO-qRh0fUGL8-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2023 12:47:28
Nº Rexistro: 46406
Data envío: 03/01/2023 12:47:28.231

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Por que no Plan de Usos do Hospital Montecelo, aprobado pola Xunta de Galicia no 2017, non se prevé o futuro uso do hospital provincial?

Pazo do Parlamento, 3 de xaneiro do 2023

Asdo.: Paloma Castro Rey
Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Paloma Castro Rey na data 03/01/2023 12:19:58**

**Julio Torrado Quintela na data 03/01/2023 12:20:06**

**Marina Ortega Otero na data 03/01/2023 12:20:13**

CSV: REXISTRO-qRh0fUGL8-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 07.02.2023 Hora: 10:00**

**Orde do día**

7.7 47011(11/POP-007194)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo e Prado Cores, María Montserrat

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para recuperar un servizo médico de calidade na Casa do Mar de Moaña

*Publicación da iniciativa, 442, 26.01.2023*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2023 09:30:00
Nº Rexistro: 47011
Data envío: 12/01/2023 18:16:59.752

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Paulo Ríos Santomé** e **Montserrat Prado Cores**, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno,** sobre as medidas para recuperar un servizo médico de calidade na Casa do Mar de Moaña.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na última década, coa escusa da crise, a Xunta de Galiza, aplicou duras políticas de recortes e fixo modificacións lexislativas e organizativas que danaron gravemente a Sanidade Pública de Galiza. Todas as medidas que tomaron tiveron como fin a privatización e o desmantelamento da sanidade pública galega, a base de recortes continuos e de pór os recursos desta ao servizo de intereses privados para poder facer negocio coa enfermidade das persoas.

Redución de orzamentos, de centros, de profesionais, de camas hospitalarias, privatizacións e externalización de servizos esenciais, derivacións de doentes a centros privados, listas de agarda disparadas, colapsos de urxencias, desatención clamorosa da saúde mental e das mulleres.

A Atención Primaria foi o ámbito da sanidade pública galega que con máis intensidade sufre os recortes, as consecuencias son tremendas: masificación de consultas, cupos desbordados, redución de profesionais, non substitución, as listaxes de agarda de máis dunha semana para médica/o de familia, peche de axendas, saturacións, ausencia de pediatras, PACs ao límite...



CSV: REXISTRO-v52obGDfe-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Con esta situación de partida, a chegada da pandemia COVID-19 foi a coartada perfecta para que a Consellaría de Sanidade levara a cabo medidas organizativas provisionais nos centros de atención primaria que teñen visos de acabar en medidas definitivas.

Entre esas medidas estivo o traslado das urxencias de Moaña a Cangas e a implantación da atención médica telefónica. A veciñanza puido entender que, ante a gravidade dos efectos da pandemia, se puidese centralizar a atención de doentes con síntomas compatibles coa enfermidade provocada polo coronavirus en centros de saúde concretos. Ou mesmo que ante a aparición de síntomas sospeitosos de padecer a enfermidade se debesen realizar consultas telefónicas previas para valorar o protocolo a seguir.

O que non xa non se pode comprender é que o Sergas leve máis de 13 meses sen cubrir as vacantes xeradas tras o concurso de traslados que deixa sen médica/o de atención primaria a máis de 2.800 persoas veciñas, o que na práctica supón denegarlle a estas o acceso ao sistema sanitario público, xa que tampouco se lles permite introducirse no cupo de outra/o médica/o e só se lles atende cando hai dispoñibilidade ou por urxencias.

Hai que engadir, que hai períodos nos que non se substitúen á/ao pediatras, obrigando ás familias a desprazarse ás urxencias hospitalarias ou a acudir á sanidade privada, algo totalmente inadmisible, ademais de ter que soportar elevadas listaxes de agarda para unha cita.

Ademais, a Consellería de Sanidade teima en manter as urxencias de Moaña no PAC de Cangas, que na maior parte do tempo se atopa colapsado porque non se dota do persoal necesario para atender ás máis de 46.000 persoas residentes en ambas localidades. O traslado das urxencias a Cangas tamén provoca a dificultade de



CSV: REXISTRO-v52obGDfe-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

desprazamento ata esta vila que teñen aquelas persoas que non dispoñen de medio de transporte propio. E ademais destas cuestións, manter o PAC en Cangas supón unha dilatación moi importante nos tempos de resposta ante as emerxencias sanitarias que se dan en Moaña. A pesar disto, a Xunta de Galiza sigue a denegar aos concellos de Cangas e Moaña unha terceira ambulancia de reforzo que poida desprazar con maior rapidez o equipo médico do PAC en caso de urxencia vital ou que poida atender emerxencias no territorio cando as ambulancias actuais están xa nun servizo.

A permanencia destas medidas ilóxicas por parte da Xunta de Galiza só perseguen un obxectivo: continuar co desmantelamento da rede pública sanitaria, potenciando o transvase de doentes cara ás redes privadas.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que medidas vai adoptar a Xunta de Galiza para a restitución do servizo de urxencias en Moaña, a cobertura das prazas vacantes e para reforzar o servizo de ambulancias nos concellos de Moaña e Cangas?

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Paulo Ríos Santomé**

**Montserrat Prado Cores**

Deputado e deputada do G.P. do BNG

CSV: REXISTRO-v52obGDfe-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2023 09:30:00
Nº Rexistro: 47011
Data envío: 12/01/2023 18:16:59.752

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Paulo Ríos Santomé na data 12/01/2023 18:15:21**

**María Montserrat Prado Cores na data 12/01/2023 18:15:27**

CSV: REXISTRO-v52obGDfe-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 07.02.2023        Hora: 10:00**

**Orde do día**

7.8 47193(11/POP-007218)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 2 máis

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para garantir a atención do servizo de pediatría na comarca de Monterrei

*Publicación da iniciativa, 442, 26.01.2023*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2023 12:50:53
Nº Rexistro: 47193
Data envío: 16/01/2023 12:50:53.664

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Noa Presas Bergantiños, Iria Carreira Pazos** e **Montserrat Prado Cores**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A sanidade é un servizo público elemental para a boa calidade de vida dos galegos e galegas con independencia de onde teñan o seu lugar de residencia. Ademais de ser un dereito que debe ser subministrado e salvagardado pola administración pública, cando afecta a crianzas cómpre salvagardalo aínda máis. Porén, a Consellaría de Sanidade e a Xunta de Galiza parecen ter decidido avanzar na senda da depauperación da atención pediátrica nas comarcas menos poboadas do país, como é o caso das de Ourense.

Cando se van cumprir tres anos das históricas mobilizacións do Verín non se pecha, novamente pais, nais, profesionais e veciñanza da comarca de Monterrei están a saír á rúa e a recoller sinaturas pola falta de persoal continuada do centro de saúde de Verín e pola desatención na comarca.

Así as cousas, o pasado 6 de decembro realizaban unha mobilización e nas últimas semanas do ano denunciaban que aos problemas da espera nas citas ordinarias engadíanse a derivación constante de urxencias cara o hospital de Ourense. Hai que ter en conta que desde Verín ata este hospital hai unha hora de coche, mais que no caso das poboacións como Laza o tempo increméntase aínda máis, constituíndo unha auténtica

CSV: REXISTRO-AXWqreaWK-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

odisea para as familias e que estamos a falar de consultas habituais no inverno como son as infeccións respiratorias, non dunha cuestión que poida ser excepcional e precisar unha derivación puntual.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno :

Que actuacións vai levar a cabo o goberno galego para garantir unha adecuada atención ao servizo de pediatría na comarca de Monterrei?

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**
**Montserrat Prado Cores**
**Iria Carreira Pazos**
Deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Iria Carreira Pazos na data 16/01/2023 12:45:27**

**María Montserrat Prado Cores na data 16/01/2023 12:45:34**



CSV: REXISTRO-AXWqreaWK-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2023 12:50:53
Nº Rexistro: 47193
Data envío: 16/01/2023 12:50:53.664

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Noa Presas Bergantiños na data 16/01/2023 12:45:43**

CSV: REXISTRO-AXWqreaWK-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 07.02.2023 Hora: 10:00**

**Orde do día**

7.9 48612(11/PUP-000300)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana

Sobre as previsións da Xunta de Galicia de cubrir a falta de facultativo no consultorio periférico de Corrubedo

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/01/2023 12:55:50
Nº Rexistro: 48612
Data envío: 30/01/2023 12:55:50.040

BNG
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Rosana Pérez Fernández**, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **pregunta para resposta oral en Pleno**, polo trámite de **urxencia**.

**Xustificación da urxencia**

A urxencia vén motivada pola alarma social derivada da situación na que se atopa a atención primaria en Corrubedo (Ribeira).

**Exposición de motivos**

A comarca da Barbanza resultou especialmente castigada, no que a servizos sanitarios se refire, pola Consellería de Sanidade nos últimos anos.

A súa poboación, particularmente a que vive máis alonxada dos centros urbanos, está a ser obrigada paulatinamente a desprazarse aos centros de saúde principais de cada localidade e a razón non é outra máis que a que se deriva da política de recortes que vén levando a cabo a Xunta de Galiza dende hai máis de dez anos.

Dos cinco consultorios periféricos existentes na comarca, dous, o de Taragoña e o de Cabo de Cruz, que sumaban case 3.000 pacientes, permanecen totalmente pechados dende a pandemia, que foi precisamente a xustificación que a Consellería de Sanidade atopou para pechalos definitivamente.

CSV: REXISTRO-K2EaecVs4-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/01/2023 12:55:50
Nº Rexistro: 48612
Data envío: 30/01/2023 12:55:50.040

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Dos outros tres, nos últimos seis meses vénse intentando prescindir tamén dos servizos médicos tanto no consultorio de Palmeira como no de Corrubedo.

Neste último caso, a veciñanza denunciou publicamente a falta do único facultativo do seu consultorio dende o 7 de novembro, tendo que desprazarse a Ribeira, a 10 Km. de distancia, para ser atendida en un centro de saúde onde a falta de persoal vén sendo clamorosa dende hai moito tempo.

Como no caso de Palmeira, as mobilizacións levadas a cabo polos veciños e veciñas de Corrubedo, obrigaron á Administración a tomar medidas, mais totalmente escasas e precarias. Malia que a propia Consellería de Sanidade declarou que o problema é "puntual", tamén advertiu que é posíbel que non se recupere o horario completo que viña habendo ata o de agora porque "non hai cartillas suficientes".

Chaman poderosamente a atención estas manifestacións porque abren, cando menos, dúas interrogantes. A primeira, que número de cartillas se consideran "suficientes" por parte da Consellería para manter o facultativo. Segundo os seus propios datos, no ano 2017 (inconcebibelmente os últimos que figuran na páxina do SERGAS) atendéronse no consultorio de Corrubedo 5.156 consultas de medicina xeral e 3.663 de enfermería. E, a segunda, en que momento deixaron de ser "suficientes" para que se rescindise o servizo sen ningún aviso previo.

Polo de agora, o consultorio mantense aberto, mais nin sequera todos os días e moito menos co facultativo a xornada completa. Pero a situación faise aínda máis insostíbel cando a Consellería bota man do persoal médico do centro de saúde de Ribeira, onde teñen a metade do que lle corresponde; ou mesmo do que atende, tamén de xeito incompleto, o consultorio de Palmeira ou, cando non, pecha o servizo sen que os usuarios e usuarias teñan coñecemento mais que cando van solicitar a cita.

CSV: REXISTRO-K2EaecVs4-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/01/2023 12:55:50
Nº Rexistro: 48612
Data envío: 30/01/2023 12:55:50.040

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xa non é só, pois, a falta do servizo, sendo isto o problema principal. É tamén a falta de información e o trato ás persoas que necesitan da sanidade pública e son desatendidas sen explicacións, ou son atendidas por persoal médico diferente cada vez.

Os centros de saúde da comarca, ningún dos catro existentes, non dispoñen do persoal, facultativo ou non facultativo, suficiente. Moi ao contrario, nalgúns casos están baixo mínimos e saturados dende hai meses. A isto, hai que sumar os desprazamentos e os inconvenientes que acarrean, sobre todo para a poboación máis envellecida e das zonas máis rurais dos concellos. O resultado é unha atención sanitaria cada día máis nefasta e o empeoramento galopante da calidade asistencial sen que a Xunta de Galiza poña os medios necesarios para solucionar a gravísima situación que vive a atención primaria en Galiza.

Diante disto, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través da deputada asinante, formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral ante o Pleno, polo trámite de urxencia:

Cando e en que condicións vai a Xunta de Galiza cubrir a falta de facultativo no consultorio periférico de Corrubedo?

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**
Deputada do G.P. do BNG

CSV: REXISTRO-K2EaecVs4-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/01/2023 12:55:50
Nº Rexistro: 48612
Data envío: 30/01/2023 12:55:50.040

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Rosana Pérez Fernández na data 30/01/2023 12:55:26**

CSV: REXISTRO-K2EaecVs4-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 07.02.2023 Hora: 10:00**

**Orde do día**

7.10 46842(11/POP-007158)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e Torrado Quintela, Julio

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para apoiar o sector do cerco de Galicia

*Publicación da iniciativa, 438, 19.01.2023*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2023 09:30:00
Nº Rexistro: 46842
Data envío: 11/01/2023 16:25:29.138

Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodriguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

As negociacións dos Totais Admisibles de Capturas (TAC) e cotas para o ano 2023 arroxaron entre outros resultados, que o xurelo do Cantábrico só se poderá pescar de xeito accesorio.

A flota do cerco do Cantábrico e Noroeste será a que terá que facer un esforzo maior para axustar a súa actividade ás cotas dispoñibles.

Para os cerqueiros que capturan xurelo na zona VIIIc este reparto de cotas penalízaos claramente xa que esta especie é o sustento económico do sector do cerco en Galicia, do que viven case que 70 embarcacións e máis de 1.000 mariñeiros ao ser altamente dependentes da captura do xurelo e que este ano só poderán pescar de forma accesoria.

É preciso o apoio tanto do Goberno de España como da Xunta de Galicia, que pasa entre outras medidas, por unha parada temporal da flota afectada pola cota de xurelo que debe de levar consigo axudas que permitan dalgunha maneira o sustento do sector, e que lle permita subsistir ata a apertura das campañas da xarda e da anchoa.

As administracións deben de dar soporte a todo o sistema social e económico que depende do cerco para poder chegar á próxima campaña e deben de apoiar tamén a mariñeiros e armadores no tránsito entre a campaña actual, afectada polas novas cotas, e a mellora do reparto na campaña de 2024, algo no que xa están a traballar de forma intensa tanto o Ministerio de Pesca coma os representantes do sector.

É precisa a implicación das administracións na defensa do sector do cerco de Galicia, afectado pola perda de cota na pesca do xurelo, na procura de solucións e alternativas que sirvan para paliar as graves consecuencias que esta decisión ten neste sector.

Por iso, a deputada e o deputado que asinan, preguntan:

Que medidas vai aplicar o Goberno galego de cara a paliar as consecuencias que está a vivir o sector do cerco galego altamente dependente da pesca do xurelo?

Pazo do Parlamento, 11 de xaneiro de 2022

**Asinado dixitalmente por:**

CSV: REXISTRO-rWcpCXtiF-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2023 09:30:00
Nº Rexistro: 46842
Data envío: 11/01/2023 16:25:29.138

**Patricia Otero Rodríguez na data 11/01/2023 11:09:32**

**Julio Torrado Quintela na data 11/01/2023 11:09:45**

CSV: REXISTRO-rWcpCXtiF-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/